




XXII Xornadas Pedagógicas na RMPL

 DEPUTACIÓN
DE LUGO  Cultura
VICEPRESIDENCIA

 REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

ICOM  consejo
internacional
de museos
España

KIT DE COMUNICACIÓN PARA MUSEOS

MUSEOS POR LA
EDUCACIÓN Y LA
INVESTIGACIÓN

DÍA INTERNACIONAL DE LOS MUSEOS 2024



XXII Xornadas Pedagóxicas na RMPL

Museos Situados: xestión, educación e territorio

Obxectivos

- Explorar, coñecer e transmitir os saberes do rural como parte intrínseca do ser comunitario.
- Integrar na aprendizaxe das crianzas os coñecementos derivados dos traballos e realidades do territorio, como algo propio e necesario para o seu desenvolvemento e o da comunidade que o constitúe.
- Criar e fincar nas crianzas o sentimento de orgullo do propio e a pertenza a un territorio meirandamente rural, a partir da súa comprensión e dos valores que o constitúen.
- Habilitar canles de comunicación entre a comunidade educativa e os museos para facer do territorio un mapa de aprendizaxe e coñecemento común.
- Dinamizar o coñecemento desde a acción e a cooperación directa coas persoas que habitan o territorio e cos axentes sociais e educativos.
- Experimentar o territorio, transcender os límites do museo e da escola, pisar o terreo, escoitar á comunidade e recoller os seus testemuños como pezas dunha historia común.

Contidos

Descubriremos as regalías da terra en múltiples e diversas formas a través dos contidos dos museos da Rede Museística Provincial.

Procuraremos a harmonía que facilita un desenvolvemento persoal e social equilibrados, onde o medio e a persoa van parellos.

Nas actividades os puntais clave serán a escola e os museos, traballando xuntos como ferramentas de transformación social (ser e facerse, construíndonos unhas con outras). Resulta básica a asimilación de coñecementos para o desenvolvemento dun pensamento crítico e propio das crianzas.

Estas xornadas promoven dende a Rede Museística Provincial unha educación pausada, reflexiva, facendo camiño a ritmo, inclusiva, igualitaria e sostible.

Coordinación

Encarna Lago González, RMPL
Marta Arias López, CFR de Lugo

Secretaría técnica

Silvia Fiallega Lorenzo, RMPL

Programa

Mércores, 29 de maio San Paio de Narla

16:00 Saída de Lugo e viaxe ao Museo de San Paio de Narla.

16:45 Presentación das xornadas e entrega de material.

17:00 Mesa compartida “**Simbiose escola e territorio**”, a través dos proxectos de:

- CEIP Terra Chá (Román, Vilalba) e o seu “Espazo agropecuario Terra Chá” para os pequechás. **J. Manuel López Barrio**, director do centro.
- IES Basanta Silva (Vilalba) e a biblioteca do centro, Biblioteca Agustín Fernández Paz, como centro de dinamización e integración social, territorial e cultural. **Sabela Figueira Tenreiro** e **Almudena Falcón Folgueira**.

18:00 Descanso.

18:15 “**Faino teu: novas experiencias desde o museo das Mariñas de Betanzos**”, **Ángel Arcay Barral**, director da Biblioteca, Arquivo e Museo das Mariñas do Concello de Betanzos.

18:45 Visita mediada ao Museo Fortaleza de **San Paio de Narla**.

19:15 “**O museo nunha caixa: investigar, xogar e descubrir o territorio cos museos da RMPL**”, **Silvia Fiallega Lorenzo**, da RMPL.

19:45 a 20:00 Debate e clausura.

Xoves, 30 de maio Museo Provincial de Lugo

16:00 “**Proxecto Neo: a radio educativa ao servizo da cohesión social**”. IES Perdouro (Burela). **Bernardo Penabade** e **Vanessa Vilaverde**.

16:30 Actividade “**Museo, xénero e inclusión**”, **Verónica Fernández** e **Ángeles Miguélez**, da RMPL.

17:30 Descanso e traslado á Sala de Exposicións da Deputación Provincial de Lugo.

17:45 Mesa compartida “**Acción comunitaria: identidade e memoria**”.

- Museo Os Oleiros (Concello de Oleiros), **Ana Justo Rajó**.
- Instituto de Estudos Ulloáns, proxecto “**Corcosendo**”, **Patricia Coucheiro** e **Susana Varela Negro**, comisarias.

18:45 Visita mediada á exposición do proxecto “**Corcosendo. A memoria das costureiras da Ulloa**”.

19:30 a 20:00 Debate e clausura.

Programa

Mércores, 5 de xuño Pazo de Tor

16:00 Saída de Lugo
e viaxe ao Pazo de Tor.

16:45 Mesa compartida **"Museos e territorio: do local ao global, do rural ao urbano"**:

- **Susana Hevia González**, directora do Museo Etnográfico de Grandas de Salime.
- **Fernando Sáez Lara**, director do Museo Nacional de Antropoloxía.

17:45 Descanso.

18:00 **"Investigación educativa: proxecto proba de concepto"**, **Cosme J. Gómez Carrasco**, Catedrático de Didáctica das Ciencias Sociais da Universidade de Murcia.

18:30 **"Investigación educativa na RMPL (2024): 25 anos dando tempo ao tempo"**, **Encarna Lago González**, Xerente da RMPL.

19:00 Visita mediada ao Pazo de Tor: **"Soterradas: Historia do futuro"**.

19:40 Debate e clausura.

Xoves, 6 de xuño Pazo de Tor

16:00 Saída de Lugo
e viaxe ao Pazo de Tor.

16:45 Mesa compartida **"Museos: Educación, acción comunitaria e programas públicos"**:

- **"DIM 2024: Museos para la educación y la investigación"**, **Mª Auxiliadora Llamas Márquez**, Presidenta de ICOM España.
- **"PradoEducación: cómo transformar el relato desde la acción educativa"**, **Ana Moreno Rebordinos**, Coordinadora Xeral de Educación do Museo del Prado.
- **"Acción Comunitaria, Programas Públicos e Comunicación do MNAC"**, **Guillem d'Efak Fullana-Ferré**, do Museu Nacional d'Art de Catalunya.

18:30 Descanso.

18:40 **"Onde habitan os feitos: do documento histórico ao discurso educativo"**, **Simón Vicente**, da RMPL.

19:10 **"Revirando a educación patrimonial, relacións co corpo, o espazo e as persoas"** **María Cacheda Pérez**, Universitat Oberta de Catalunya e Agència Catalana del Patrimoni Cultural.

19:50 a 20:00 Debate e clausura.

Imaxe

RMPL no territorio

Museo Fortaleza
San Paio de Narla

Museo Provincial
do Mar

Museo Provincial
de Lugo

Museo Pazo
de Tor

territorio

situación


Institucións e persoas converxen

rede



comunidade

conexións

inclusión




Imaxe



 = **conexión**


 = **territorio**



 = **inclusión**



 = **infancia**



 = **rede**

 = **patrimonio**

